

**BASES DA CAMPAÑA E SORTEO "A RULETA DA FEDERACIÓN DE
COMERCIO DE LUGO"**

1. "*A RULETA DA FEDERACIÓN DE COMERCIO DE LUGO*", é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola **Federación de Asociacións de Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo-FEDERACIÓN DE COMERCIO DE LUGO**, consistente nunha serie de sorteos/concursos que se celebrarán nun total de 7 localidades lúxenses, durante os meses de setembro e outubro do presente ano 2020.
2. Esta campaña dará comenza o próximo **14 DE SETEMBRO DE 2020** (coincidindo coa data do primeiro sorteo) e as datas, horarios e lugares de celebración dos respectivos sorteos en cada unha das localidades onde se desenvolverá a mesma, son as seguintes:

LOURENZÁ: Data prevista de celebración do sorteo **LUNS-14 DE SETEMBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: Praza do Conde Santo. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **7 e o 14 de setembro incluidos**. Máximo tres tiradas por persoa.

MONDOÑEDO: Data prevista de celebración do sorteo **XOVES- 17 DE SETEMBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: Praza da Catedral. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **10 e o 17 de setembro incluidos**. Máximo tres tiradas por persona.

VILALBA: Data prevista de celebración do sorteo **VENRES- 18 DE SETEMBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: Praza da Constitución. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **11 e o 18 de setembro incluidos**. Máximo tres tiradas por persona.



CAUREL: Data prevista de celebración do sorteio **LUNS – 21 DE SETEMBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: **Praza Maior de San Clodio**. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **14 e o 21 de setembro incluidos**. Máximo tres tiradas por persona.

RÁBADE: Data prevista de celebración do sorteio **MARTES – 22 DE SETEMBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: **Ayda. Coruña (á altura do Campo da Feira)**. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **15 e o 22 de setembro incluidos**. Máximo tres tiradas por persona.

LUGO: Data prevista de celebración do sorteio **XOVES – 1 DE OUTUBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: **Praza do Ferrol**. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **25 de setembro e o 2 de outubro incluidos**. Máximo tres tiradas por persona.

XOVE: Data prevista de celebración do sorteio **VENRES – 2 DE OUTUBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: **Praza do Concello**. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **25 de setembro e o 2 de outubro incluidos**. Máximo tres tiradas por persona.

BURELA: Data prevista de celebración do sorteio **XOVES – 8 DE OUTUBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: **Campón**. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **1 e o 8 de outubro incluidos**. Máximo tres tiradas por persona.

MEIRA: Data prevista de celebración do sorteio **VENRES – 9 DE OUTUBRO**: Horario: **11-14,30 horas**. Ubicación da Ruleta: **Paseo central Praza Maior**. Compra mínima **10 euros**. Válidos os tickets de compras realizadas entre o **2 e o 9 de outubro incluidos**. Máximo tres tiradas por persona.

3. A dinámica da campaña en cada unha destas vilas será a seguinte: Nas datas sinaladas de celebración dos sorteos nas respectivas localidades, será instalada unha **RULETA DA FEDERACIÓN DE COMERCIO DE LUGO** nas ubicacións e durante os horarios indicados no apartado anterior. Como norma xeral para todas as localidades, terán dereito a participar aqueles consumidores que presenten tickets por importe mínimo de 10 euros, de compras realizadas en establecementos comerciais integrados nas respectivas asociacións de comerciantes de cada unha das localidades onde se celebran os sorteos, asociacións que asimesmo están integradas na Federación de Comercio de Lugo.

Os tickets que se admitirán en cada unha destas localidades e que poderán participar nos respectivos sorteos serán os correspondentes ás compras realizadas durante os oito días hábiles previos á data de celebración do sorteo na respectiva localidade (incluída dita data), tal e como se detalla no apartado anterior.

Cada ticket de compra ou acumulación de tickets por valor de 10 euros, dará dereito a unha tirada na Ruleta da Federación de Comercio de Lugo ao consumidor que aporte o mesmo, optando con cada tirada a un dos premios que se detallan no seguinte apartado, e cada consumidor poderá fazer ata un máximo de tres tiradas.

Dúas persoas da organización atoparanse en todo momento na zona da Ruleta da Sorte, encargándose de repartir os flyers informativos sobre a campaña desde as 10 horas da data do sorteo respectivo en cada localidade. O sorteo finalizará cando teñan saído todos os premios asignados á respectiva localidade ou remate o horario previsto de funcionamento da Ruleta. No caso de que durante o horario prefixado de funcionamiento da Ruleta na data sinalada do sorteo non saíran todos os premios, a organización resérvase o dereito a gardalos como excedente, para poder usalos na Ruleta das outras localidades participantes no seu caso.

4. Os premios que se sortearán EN CADA UNHA das RULETAS DA SORTE INSTALADAS nas localidades recollidas nestas bases serán os seguintes:

- *210 porta mascarillas, valoradas en 1,25 euros cada unha delas: total 262,50 euros sen ive.*
- *210 mantas polares, valoradas en 4,95 euros cada un: total 1.039,50 euros sen ive.*
- *210 vasos térmicos, valorados en 3,82 euros cada un: total 802,20 euros sen ive.*
- *210 auriculares, valorados en 2,75 euros cada un: total 577,50 euros sen ive.*
- *135 paraugas, valorados en 4,95 euros cada un: total 668,25 euros sen ive.*
- *135 reloxos, valorados en 3,95 euros cada un: total 533,25 euros sen ive.*
- *700 lápices, valorados en 0,35 euros cada un: total 245 euros sen ive.*

5. O valor económico total dos premios que se sortearán nesta campaña é de: 4.995,12 euros ive engadido.
6. Os premios enténdense como **cantidades brutas**, suxeitas ás **retencíóns** que establece a lei vixente; polo tanto, a dita retención aplicarase automáticamente nos supostos que proceda.
7. A mera participación no concurso/sorteo supón a plena aceptación destas bases a tódolos efectos dispostos nas mesmas, especialmente polo que se refire á autorización á entidade organizadora para a utilización dos datos identificativos facilitados no acto do sorteо polos participantes (*nome, apelidos e número de DNI*), única e exclusivamente para os fins propios desta campaña e sempre respectando a política de protección de datos do apartado 8. Esta autorización faise extensiva á **imaxe dos gañadores** para os efectos de publicidade do resultado da campaña. O **incumprimento** destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación na campaña.

Non poderán participar neste sorteo menores de idade, así como tampouco familiares ata o cuarto grao ou empregados dos establecementos comerciais integrados nas asociacións de comerciantes participantes.

8. De conformidade co disposto no **Reglamento da UE 2016/679 de 27 de abril do 2016, así como na restante normativa de protección de datos estatal, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade FEDERACIÓN DE COMERCIO DE LUGO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, mail fcl@comerciogalicia.es**

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con tódalas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumplimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc., todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamiento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, olvido, e todos aqueles recollidos no Regulamento referido, por medio de comunicación escrita dirixida a FEDERACIÓN DE



COMERCIO DE LUGO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, mail fcl@comerciogalicia.es, na cal conste expresamente e se especifique odereito que desexa exercitar.

O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no ejercicio dos mesmos.

9. As presentes bases están **depositadas ante notario e a disposición do público** nas oficinas da Federación de Comercio de Lugo (Ronda Muralla, 52 – Ent. Dta. Lugo).
10. A **Federación de Comercio de Lugo**, resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender o concurso/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.